

QUEDADAS NO MUSEO

Resume das xuntanzas no Museo de Historia Natural da SGMN en Ferrol

Febreiro 2024 — nº 2



A segunda edición da actividade “*Quedadas no Museo*” (QnM), coincidiu neste “*Día Mundial dos Humidais*”, motivo polo que o delegado en Ferrol Xan R. Silvar, deu unha charla sobre as lagoas costeiras de Ferrolterra, salientando a importancia das mesmas e a súa diferente formación, tratando a súa exposición sobre as de Doniños e Frouxeira, e os humidais de San Xurxo e Pantín.



Durante esta segunda QnM falamos tamén da camariña ou marmea *Corema album* (L.) D. Don, unha planta moi singular e vulnerable por tratarse dun endemismo que aparece distribuído no litoral atlántico ibérico e nas Illas Azores e que en Galicia podémola atopar nalgúns puntos concretos das costas das provincias de Pontevedra e A Coruña. Na súa distribución presenta o seu límite N na Praia do Rodo en Pantín (Valdoviño, A Coruña), e uns pés xunto ao Cabo Prior nas Cabazas (Covas, Ferrol, A Coruña).

Houbo varias intervencións e preguntas arredor do estado de conservación da camariña, resultando unha sorpresa para o público que non figurase a día de hoxe contemplada na Categoría de Vulnerable no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.



Camariña ou marmea (froito)

Pablo Torrella fixo unha pequena exposición sobre o libro *Biodiversity in Dead Wood*, aproveitando a ocasión para falar da importancia dos organismos que viven a expensas da madeira descomposta e das árbores vellas ([pdf](#) de 19 pp).



Ligazón de acceso ao cartel presente na exposición do Museo de Historia Natural

Con este mesmo asunto, veu moi a conto comunicar ao público un proxecto de colaboración que foi presentado de maneira recente ao *Green Campus* da UDC no que se pretende dende o MHNF o estudo e seguemento deste tipo de organismos que poden habitar nas árbores vellas do ferrolán Campus de Esteiro.

Aiantamos ao público a inminente exposición temporal prevista no Museo Naval de Ferrol.

Será a facer conxuntamente cos Centros Museísticos de Ferrolterra, e dende o MHNF teremos acollida nunha pequena mostra onde imos expor algunhas pezas.

A data prevista de inauguración desta exposición temporal, é o xoves 22 de febreiro ás 12:00 h.



Cartel da vindeira exposición temporal no Museo Naval

O socio Manuel Arzúa comentou que nas X Jornadas del Grupo de Trabajo de Aves Marinas organizadas pola SEO BirdLife no Barqueiro (Mañón, A Coruña) entre o 26 e o 28 de xaneiro, e ás que el asistiu, faláron ao respecto da problemática coas aves mariñas que están a aparecer mortas ou desorientadas nas costas. O socio lembrou a posibilidade de usar a aplicación gratuíta ICAO para o móbil, coa que se pretende recoller os datos de avistamentos destas aves mariñas mediante a participación cidadá.



Aproveitamos a ocasión para lembrar que o MHNF está a colaborar na recollida de fauna silvestre para o CRFS (Centro de Recuperación de Fauna Silvestre) de Oleiros (A Coruña), así como na rede galega de alertas sobre abeiramentos de aves e tartarugas mariñas, lobos de mar e cetáceos. Acceso a [pdf](#) de 86 pp. (páx. 22).

Arao desorientado na praia da Frouxeira, Valdoviño (02/02/2024)

Imaxe cortesía de Francisco Bernabeu

Do que falaremos na vindeira quedada (16/02/2024)



- Algunhas aves observadas no xardín do MHNF.
- Xílgaros hiperactivos en Esteiro.
- Corvo pequeno papando bicudos nunha palmeira en Canido.
- Doazóns recentes ao MHNF e outros asuntos...

- Ao chou na “Biblioteca da Natureza”. – Libro *Artrópodos en medicina y veterinaria* (2014). Dos autores FDEZ.-RUBIO, F.; FDEZ.-CAPARRÓS, L.M. & SORIANO HERNANDO, O. Minist. Def. Madrid. 643 pp.



Actividade gratuíta e aberta a todo tipo de público con este tipo de inquiredanzas: persoas vencelladas ao sistema educativo, persoas que polo xeral visitan o museo con carácter libre, público familiar, xuvenil e infantil...

VÉN E PARTICIPA!



PATROCINA
FERROL